

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Estimado/a Alcalde/sa:

Unha vez publicada a sétima addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, que amplía a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024, por medio da presente comunicación remitimos información actualizada sobre o mesmo, recordando ademais que como concello xa adherido ao convenio non ten que formalizar de novo a adhesión.

### 1. Plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

- A tódolos concellos adheridos se lles elaborará o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- Os concellos que xa teñen elaborado o plan, pero sufriron algún cambio no seu planeamento urbanístico, deberán comunicalo para que se proceda a modificación deste.
- No caso de querer incluír as faixas arredor das vivendas illadas, será o concello o que presente a solicitude.
- De especial importancia é o establecido na lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2023, que modifica a lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais e na súa disposición adicional cuarta indica:
  - *Os concellos que, na data de entrada en vigor desta lei, non dispoñan dun plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais aprobado, dispoñerán dun prazo de **dezaoito meses para a súa aprobación**, contados desde esa data.*
  - *Transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior, caso de que non se aprobase o citado plan, o concello non poderá adherirse ao convenio previsto no artigo 21 quarter.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e, de estar adherido, **suspenderase a súa adhesión** ata que se produza a aprobación do plan.*
- O procedemento a seguir para a aprobación definitiva dos Plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais é o seguinte:



- Aprobación provisional polo Pleno do Concello ou por Decreto de alcaldía.
- Exposición pública no Boletín da Provincia ou no taboleiro de anuncios do concello (opción non obrigatoria).
- Rematado o prazo de exposición pública, solicitude do informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Defensa do Monte (DXDM) que establece o artigo 16.3 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. No caso de ter alegacións, envíalas xunto coa solicitude do informe.
- Unha vez remitido o antedito informe de forma **favorable**, procederase por parte do concello á aprobación definitiva do plan (en Pleno ou por Decreto), comunicando posteriormente este feito á DXDM.
- Cando o Plan estea aprobado de forma definitiva, as faixas estarán dispoñibles no visor público de faixas secundarias:

<https://mapas.xunta.gal/visores/faixas/>

## 2. Execucións subsidiarias de ata un máximo de 10 ha por anualidade con cargo ao convenio.

- As solicitudes de actuación deberán ser aprobadas pola comisión de seguimento do convenio, que deberá comunicar a aprobación ou desestimación das mesmas ao concello solicitante.
- As actuacións aprobadas quedarán limitadas, en todo caso, á superficie da parcela afectada por faixa secundaria e á limitación xenérica de 10 ha por concello e anualidade. Quedan excluídas do convenio as parcelas ou partes das parcelas que estean dentro do núcleo (solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable).
- Para que a solicitude sexa válida, as notificacións/publicacións enviadas ás persoas responsables terán que cumprir cos requisitos establecidos na Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (achégase descrición detallada no anexo I).

## 3. Actuación de xestión da biomasa nas vías de titularidade municipal ata un máximo de 10 quilómetros por concello e anualidade.



- As solicitudes de actuación deberán ser aprobadas pola comisión de seguimento do convenio, que deberá comunicar a aprobación ou desestimación das mesmas ao concello solicitante.
- As solicitudes se farán sobre vías de titularidade municipal, nas que se actuará na zona de dominio público.
- Na solicitude deberase indicar as coordenadas de inicio e fin das vías ou marcar nun plano a súa localización.

#### 4. Solicitude de iniciativas veciñais.

- Cando nos concellos adheridos existan **iniciativas veciñais** que contribúan ao cumprimento das medidas preventivas nas faixas secundarias, obxecto do presente convenio, o sistema público de xestión de biomasa poderá facilitar aos concellos o **equipamento necesario para levar a cabo actuacións sobre a biomasa, infraestruturas preventivas ou apoio á intendencia en situación de incendios forestais**.
- Os concellos presentarán ante a comisión de seguimento a seguinte documentación:
  - Memoria xustificativa das actuacións a realizar que inclúa a necesidade do equipamento preciso para levar a cabo as devanditas actuacións.
  - Acreditación da inscrición das asociacións veciñais no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.
  - Instrumento de colaboración entre o concello e as asociacións veciñais.
- O importe máximo anual para estas actuacións non poderá superar os 150.000 €.
- O importe máximo por concello non poderá superar os 6.000 € durante a vixencia do presente convenio.

#### 5. Solicitude de inspeccións.

- Os concellos poderán solicitar a colaboración do persoal de Seaga para revisar o cumprimento da xestión da biomasa nas faixas secundarias.
- Darase prioridade os concellos que non foran inspeccionados en ningunha anualidade.
- Os concellos que soliciten a inspección das parcelas deberán comprometerse a levar a cabo as notificacións/publicacións aos titulares responsables da xestión da biomasa.



## 6. Proposta de planificación de traballos.

Lembramos aquí o establecido na lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modificou o artigo 22 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, quedando o punto 6 da seguinte forma:

- *Os concellos que dispoñan dun plan de prevención e defensa contra incendios aprobado poderán delimitar, en función da presenza de factores obxectivos de risco, tales como o carácter recorrente da produción de incendios forestais, zonas de actuación prioritaria, nas cales se priorizarán actuacións de comprobación de xestión de biomasa e, se é o caso, da execución subsidiaria.*

## 7. Concellos con parroquias priorizadas.

A data para a renovación ou elaboración de novos contratos de xestión de biomasa nesta anualidade, en concellos que dispoñan de parroquias priorizadas, finalizará o 31 de maio de 2024.

**O prazo para todas as solicitudes será ata o 31 de maio de 2024 (a excepción das iniciativas veciñais, que poderán facerse en calquera momento do ano). As solicitudes posteriores a esa data, en caso de non chegar o orzamento dispoñible, pasarán a anualidade seguinte.**

**Todas as comunicacións ou solicitudes que se realicen deben enviarse a través do rexistro da Dirección Xeral de Defensa do Monte.**

Tamén terán a súa disposición ao persoal técnico de Seaga para resolver as dúbidas e cuestións que precise aclarar a través das seguintes vías:

Correo electrónico: [conveniobiomasa@epseaga.com](mailto:conveniobiomasa@epseaga.com)

Teléfono: 881 997 319

Atentamente,

O Presidente da FEGAMP  
Alberto Varela Paz

O Director Xeral de Defensa do Monte  
Manuel Rodríguez Vázquez



**ANEXO I**

Requisitos Instrución 1/2018 Medio Rural							
Datos Catastrais da parcela	Identificación da persoa responsable e título polo cal é considerada como tal	Feitos que motivan a comunicación ou o requirimento e modo de constatación destes	Concreta obrigación incumplida co seu fundamento legal	Prazo máximo para o cumprimento voluntario (*)	Apercibimento execución subsidiaria (**)	Liquidación provisional custos (***)	Advertencia procedemento sancionador (****)
<p>(*) <i>Computarase desde o día seguinte ao da recepción da notificación da comunicación ou do requirimento ou da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial del Estado e será de quince días naturais.</i></p> <p>(**) <i>Apercibimento de que, en caso de persistencia no incumplimento logo do transcurso do prazo outorgado, se procederá á execución subsidiaria sen máis trámites.</i></p> <p><i>O apercibimento incluírá unha referencia expresa á obriga legal da persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento deste de facilitar o acceso ao suxeito que realice os traballos de execución subsidiaria e á facultade deste último de acceder sen necesidade de consentimento da persoa titular, agás naqueles supostos excepcionais en que o acceso afecte, dentro da parcela, espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución.</i></p> <p>(***) <i>Liquidación provisional dos custos a que previsiblemente dará lugar a devandita execución subsidiaria, coa advertencia de que se procederá á súa exacción inmediata en caso de persistencia no incumplimento, logo do transcurso do prazo outorgado, sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez rematados, de ser o caso, os traballos. A liquidación provisional consiste no establecemento dunha cantidade estimada por hectárea dos traballos necesarios para xestionar a biomasa.</i></p> <p>(****) <i>Advertencia de que, en caso de persistencia no incumplimento logo do transcurso do prazo outorgado, se iniciará tamén o correspondente procedemento sancionador, indicando expresamente a Administración competente para sancionar, a cualificación da infracción e a contía máxima da sanción pecuniaria que se poida impoñer.</i></p>							



A necesidade da dobre publicación (BOE + DOG), está contemplada no artigo 22.3 da Lei 3/2007: *cando non se puidera determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, cando se ignore o lugar da notificación ou cando, intentada esta, non se puidera practicar a notificación da comunicación prevista no número anterior, farase por medio dun anuncio publicado no DOG e no BOE e no taboleiro de anuncios do Concello, e conterá os datos catastrais da parcela.*

Para facilitar os traballos de colaboración e de constatación do cumprimento dos requisitos da Instrución 1/2018 poden remitir a [conveniobiomasa@epseaga.com](mailto:conveniobiomasa@epseaga.com) unha táboa na que fagan constar os seguintes datos das parcelas obxecto da actuación solicitada. Todos estes datos serán necesarios para que se poida actuar a través do convenio de colaboración, se prexuízo da comprobación nos expedientes que xeran os mesmos.

Referencia catastral	Data notificación/ publicación	Parroquia	Lugar/Polígono/Parcela	Ha afectadas por execución subsidiaria	Liquidación provisional dos traballos de xestión biomasa	Data constatación do incumprimento	Persoa responsable da xestión biomasa

